

### ACTA NÚM. 3.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. (OEP 2019).

Sendo as 11,30 horas do día 24.11.2021 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 27.10.2021, para os efectos da análise e resolución das alegacións presentadas contra as puntuacións outorgadas pola realización do 1º exercicio tipo test da fase de oposición da praza referenciada realizado con data 11.11.2021.

Presidente: Javier Nieves González.

Secretaria: Ana Isabel Candame Areosa.

Vogais:

- . Margarita Fernández Sobrino.

- . Rosa Ana Prada Queipo

Co quórum esixido pola base 6.4. para a válida actuación do tribunal, procedese ao análise da alegación presentada por TANIA FUENTES VIEITES, na que sinala que na pregunta 100 se da como resposta correcta a c) pero a correcta sería a a) segundo establece o art. 174.3 da Lei 2/2004 reguladora das facendas locais.

O tribunal por unanimidade acorda:

1º) Rexeitar a alegación da interesada porque as porcentaxes dos exercicios posteriores se aplican aos supostos previstos nas letras a) e e), nos que non figuran os contratos de subministro; estes contratos só están limitados polo número de exercicios posteriores, non por porcentaxes segundo o artigo 174.3.TRLRFL.

2º) Publicar esta acta na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello para xeral coñecemento.

Remata o acto sendo as 11,45 horas.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, se levanta a presente acta, que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretaria certifico.